

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE SOCORRISMO NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DO CONCELLO DE AMES.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

Constitúe o obxecto do contrato a prestación do servizo de *Socorrismo na praia fluvial de Tapia e nas piscinas públicas descubertas do Concello de Ames*, durante o período do 15 de xuño ao 15 de setembro por unha duración de catro tempadas (2016-2019), conforme ás tarefas que se sinalan no prego de prescricións técnicas que se acompaña ao presente prego.

O obxecto desta contratación responde á necesidade de dispor dun servizo de socorrismo, salvamento e primeiros auxilios nas instalacións públicas municipais dedicadas ao baño durante a tempada de verán, constituíndo as piscinas descubertas materia propia da competencia municipal, de conformidade co establecido no artigo 25.2.L) da LRBRL; tratándose tamén da prestación dun servizo obrigatorio recollido no artigo 26 da mesma lei (instalacións deportivas de uso público).

A descrición e especificacións establécense no prego de cláusulas técnicas, incorporadas a este prego como parte integrante deste.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas formarán parte do contrato.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

A codificación correspondente para este servizo público segundo o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento 213/2008-CE, de 28 de novembro de 2007 é 75252000-7 (Servizos de Rescate).

2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato califícase como de servizos de carácter administrativo, segundo os artigos 10 e 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, categoría 27 do anexo II do mesmo texto legal "Outros Servizos", quedando sometido a dita Lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, en canto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Asemade, serán de aplicación, as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Ademais do presente prego, terán carácter contractual, os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- O documento no que se formalice o contrato.
- A oferta que presenta o licitador, sempre que cumpra co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Aos efectos do presente prego e do TRLCSP, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no artigo 16 do TRLCSP. Dado que o presente contrato non está incluída nas categorías 1 a 16 do anexo II non está suxeito a regulación harmonizada.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos

porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición.

3.- ORGANO DE CONTRATACIÓN

En virtude do decreto de delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, decreto 926/2015, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

O citado órgano ten a facultade de adxudicar o contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos a que este respecto se diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O duración inicial do presente contrato será de **DUAS TEMPADAS** (2016-2017) podendo prorrogarse de maneira expresa por 1 tempada ata un máximo de 2 prórrogas, polo que a súa duración máxima será de **CATRO TEMPADAS** (2016, 2017, 2018 e 2019). A duración de cada tempada é de tres meses, desenvolvéndose o servizo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro de cada tempada.

5.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, ao abeiro do establecido nos artigos 157 a 161 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP en adiante).

No suposto de que a tramitación do expediente fose declarada de urxencia polo órgano de contratación, os prazos establecidos no TRLCSP para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, de conformidade co artigo 112 do TRLCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

6.- ORZAMENTO DO CONTRATO

O valor estimado da totalidade do contrato será o seguinte:

CONCEPTO	PREZO OFERTADO
Prezo base licitación	216.572,28 euros
IVE estimado (21%)	45. 480,17 euros
Prezo base total	262.052,45 euros

Tendo en conta que a duración inicial do contrato é de **DUAS TEMPADAS**, podendo prorrogarse de maneira expresa por unha tempada ata un máximo de 2 prórrogas, a duración máxima incluídas as prórrogas pode alcanzar un máximo de **CATRO TEMPADAS**, e tendo en conta que a duración cada tempada é de tres meses, desenvolvéndose o servizo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, o valor estimado total do contrato (artigo 88 do TRLCSP), ascende á contía de **216.572,28 Euros**, máis **45.480,17 Euros** de IVE, resultando un importe total de **262.052,45 Euros**, representando este o límite máximo á que poderá ascender, ao longo da súa vida, o gasto derivado do contrato para o concello.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato

como o Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación, segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como partida independente.

No prezo do contrato considerase incluídos os demais tributos, taxas e cánones de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas.

Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún caso, exceder do importe do presuposto base de licitación. Rechazaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades

7.- FINANCIAMENTO

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, o financiamento do contrato farase coa seguinte distribución de anualidades.

Anualidade	Importe	IVE	Total
2016	54.143,07 €	11.370,04 €	65.513,11 €
2017	54.143,07 €	11.370,04 €	65.513,11 €
2018	54.143,07 €	11.370,04 €	65.513,11 €
2019	54.143,07 €	11.370,04 €	65.513,11 €

O financiamento deste contrato levarase a cabo con cargo a aplicación orzamentaria 342.227.99 do orzamento municipal:

De acordo co previsto no artigo 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual se subordinarán ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, a adxudicación do presente contrato queda condicionada, no que se refire á anualidade do 2016, á inclusión no orzamento da correspondente consignación, axeitada e suficiente, para facer fronte aos gastos derivados do mesmo en dito exercicio.

Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos e todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.

O orzamento máximo do contrato queda fixado en **262.052,45** (IVE do 21%).

8.- REVISIÓN DE PREZOS

Establecese expresamente a improcedencia da revisión de prezos, de acordo co disposto no artigo 89.1 do TRLCSP e co previsto na Lei 2/2015 de 30 de marzo de Desindexación da Economía Española respecto a índices xerais de contratos do sector público.

9.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se esixe, tal e como resulta do artigo 65.1.b do TRLCSP.

10.- ACREDITACION DA APTITUD PARA CONTRATAR

De conformidade co artigo 54 do TRLCSP, poderán presentar ofertas por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias de prohibicións para contratar que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

10.1 A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

10.2 A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

10.3. A solvencia do empresario:

1) A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse polo seguinte medio:

Unha declaración sobre o volume global de negocios referido aos cinco últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias de dito volume de negocios. Considerarase solvente aquel licitador que declare unha cifra de negocios global igual ou superior ao orzamento de licitación multiplicado por 1,5.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase no momento oportuno mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das administracións públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflectido en dito rexistro e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

2) A solvencia técnica ou profesional dos empresarios acreditarase polos seguintes medios:

Unha relación (axustada ao cadro-modelo que se reflexa a continuación) dos principais servizos efectuados nos últimos cinco anos, que incluírá importe, datas e destinatarios públicos ou privados.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase no momento oportuno mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das administracións públicas acreditará

fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflectido en dito rexistro e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario.

Relación de servizos efectuados nos últimos CINCO ANOS, acompañados de certificados de boa execución ou no su caso declaración do empresario.				
Denominación e obxecto	Importe	Data de finalización da execución (dia/mes/ano)	Destinatario	
			Publico	Privado

11.- UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

A estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose aos efectos de determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma, sen prexuízo do que para a clasificación se establece no artigo 67 da TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar a mesma en escritura pública, así como presentar o CIF da unión temporal, todo isto dentro do prazo de quince días seguintes ó da data na que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal, quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

12.- ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

Ó tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto ó que se refire o presente prego, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Perfil do Contratante do Concello de Ames (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á esta licitación a través da páxina web municipal www.concellodeames.gal, e dentro da mesma, no perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 da TRLCSP.

13.- CONSULTA DE PREGO E OBTENCIÓN DE COPIAS.

As persoas interesadas poderán consultar e obter unha copia dos pregos e demais documentación técnica no perfil do contratante do Concello de Ames: www.concellodeames.gal

14.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓNS

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), dentro do prazo de **quinze días naturais** que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP (art. 159 do TRLCSP), de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en domingo ou festivo; prorrogase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou fax (981.884.929) no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez (10) días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego, vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvedade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego, así como da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Unha vez presentada unha proposición, non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse aos medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

15.- EMPRESAS PROPOÑENTES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

15.1.- Empresas licitadoras.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional da persoa xurídica dominante, sempre e cando éste acredite que ten efectivamente a súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberán acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar no documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á

Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 do R.G.L.A.C.P.). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición; tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción desta normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de quen reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

15.2.- Documentación.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados e asinados por él mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade participante, o título do procedemento licitatorio, e conterán: o primeiro (A) a "Documentación administrativa" esixida para tomar parte no concurso. O segundo (B) denominarase: criterio obxectivo de valoración Proposición económica, axustada ao modelo que se inclúe neste Prego, no anexo III.

16.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES

16.1.-Sobre A, denominado Documentación administrativa

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "Documentación xeral para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, do servizo de *"Socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas de titularidade municipal"* do Concello de Ames, e, presentada por..... (nome ou denominación social, persoa de contacto, identificación fiscal, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico de contacto)".

Dito sobre conterá unha **Declaración Responsable, consonte ao Anexo II** subscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

De acordo cos artigos 146.4 e 151.2 do TRLCSP, dita documentación deberá achegarse **UNICAMENTE** polo licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, debendo acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se sinalan na cláusula 20.2 do presente prego.

Asemade, dentro do sobre A deberá achegar unha declaración acreditativa que conteña os datos identificativos do licitador, na que se indicará o nome do representante (cando exista), DNI, CIF da empresa, enderezo, telefono, fax e correo electrónico do empresario e/ou do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta da o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no paragrafo anterior.

16.2.- Sobre B, denominado criterio obxectivo de valoración, Proposición económica.

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador, figurará Proposición económica para a contratación, mediante, oferta económica máis vantaxosa, da prestación do servizo de *"Socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e*

nas piscinas descubertas de titularidade municipal” do Concello de Ames, presentada por... (nome ou denominación social, persoa de contacto, identificación fiscal, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico de contacto).

O sobre B conterá a proposición que os licitadores consideren axeitada, que será valorada de acordo cos criterios que se recollen na cláusula 19.5 dos presentes pregos así como no apartado 7 do cadro anexo, **proposición que se axustará ao modelo que figura como ANEXO III** deste prego.

Os licitadores formularán a proposta económica pola execución total do contrato, isto é, as 4 tempadas, desglosando a partida correspondente ao IVE.

O licitador comprométese a manter a oferta por un prazo mínimo de tres meses, a contar dende a apertura das proposicións.

Outorgarase a máxima puntuación á oferta económica que conteña unha maior porcentaxe de baixa sobre o orzamento de licitación. As restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional. A oferta económica valorarase tendo en conta os prezos ofertados.

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar a non admisión de todas as proposicións por él subscritas (art. 145.3 TRLCSP).

Confidencialidade

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

17.- DOCUMENTOS: Orixinais e Copias

17.1. - Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou polo funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

17.2. - Devolución da documentación. - A documentación presentada polas empresas que non resultasen adxudicatarias poderá ser retirada por estas unha vez transcorridos tres meses contados desde o día seguinte á notificación da resolución da adxudicación definitiva ás persoas participantes, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. O prazo para retirala será de 30 días naturais.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre a mesma.

17.3.- Retirada ou destrución da documentación presentada.- Unha vez expirado o prazo para recurrir a adxudicación definitiva, toda a documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo da oferta económica, devolverase aos licitadores que o soliciten, sendo a súa costa os gastos de devolución que poida supoñer.

Transcorridos seis meses dende a adxudicación do contrato sen que proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para o seu posterior reciclado, a excepción dos documentos xustificativos, en caso de que se esixiera, da garantía provisional que se conservaran para a súa entrega aos interesados.

18.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis

vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, se é o caso, e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

19.- APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

19.1.-Cualificación dos documentos:

A composición da Mesa de Contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A súa composición publicarase no Perfil do Contratante do Concello de Ames, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato.

19.2.- Fases

Polo que respecta á calificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos artigos 160 da TRLCSP.

19.3.- Procedemento de Apertura de Plicas e Oferta

a) Apertura do Sobre A denominado “Documentación Administrativa”:

Constituída a Mesa de Contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente procederá á calificación da documentación presentada polos licitadores no sobre A, segundo establece o artigo 146 do TRLCSP e a cláusula 20.2 do presente prego.

b) Apertura do Sobre B denominado criterio obxectivo de valoración, Proposición económica.

De acordo co previsto no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, a apertura do Sobre B, farase nun acto de carácter público, nun prazo non superior aos sete días dende a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 146 do TRLCSP, convocando aos licitadores que resultaran admitidos na apertura do Sobre A exclusivamente, cunha antelación mínima de dous días a través dun anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

Conterá a proposición económica, asinada polo licitador ou persoa que o represente axustándose estritamente ao modelo que figura como Anexo III do presente prego. Na proposición deberase indicar, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor engadido que deberá ser repercutido

A apertura do Sobre B celebrarase en acto público no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da calificación dos documentos presentados no Sobre A, con indicación das proposicións admitidas, das rexeitadas e da causas da non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan as proposicións rechazadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidáraselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou solicitan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de presentación de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación procederase ao acto de apertura pública dos referidos Sobres B, e previa lectura do contido de cada un deles.

Posteriormente, darase por concluído o acto público de apertura do Sobre B, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da mesa.

O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP, clasificará, por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais.

Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estimen pertinentes.

c) Defectos ou omisións subsanables

Se a Mesa de Contratación, observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaráselle verbalmente e mediante fax ou correo electrónico ós interesados, e se anunciará polo órgano de contratación, concedéndose un prazo, non superior a tres días hábiles, para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación (Art.81.2 do RXLCAP).

d) Aclaracións e requirimentos de documentos

Ós efectos establecidos no referente á solvencia económica e financeira, técnica ou profesional e prohibicións para contratar, o Órgano e a Mesa de Contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirille para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de cinco días hábiles, sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas, conforme ó disposto no art. 22 do RXLCAP.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse polo secretario/a da Mesa de Contratación.

19.4.- Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola Mesa de Contratación, en resolución motivada.

19.5.- Criterios de valoración.

O contrato adxudicarase á empresa que formule o mellor prezo.

A oferta expresarase nun prezo pola totalidade do contrato. Outorgarase a máxima puntuación á oferta económica que presente a maior porcentaxe de baixa sobre o orzamento de licitación. As restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional.

$$\text{Puntuación} = \frac{15 \times \text{prezo mais baixo ofertado}}{\text{Prezo ofertado polo licitador}}$$

A oferta económica puntuarase cun máximo de 15 puntos.

19.6.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados (Baixa Temeraria).

Será de aplicación o establecido no artigo 152 do TRLCSP. Os criterios para apreciar as ofertas anormais ou desproporcionadas estableceranse de conformidade ao disposto no artigo 85 do RXLCAP.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador estimase que a oferta non pode cumprirse como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa (de acordo coa orde en que fosen clasificadas) que se estime pode ser cumprida a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, aplicaranse os criterios recollidos na disposición adicional cuarta do TRLCSP. En primeiro lugar o criterio dos traballadores discapacitados e en segundo lugar o das empresas de inserción.

19.7.- Renuncia.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta ó órgano de contratación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia da indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no artigo 161.4 da TRLCSP

20.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO, PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS POLO LICITADOR E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.

20.1.- O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas, atendendo ao prezo, e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais.

20.2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa e clasificado en primeiro lugar para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos.

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Union Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión

Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

A-8) Imposto de Actividades Económicas

O empresario adxudicatario deberá achegar o último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obriga de pago. O alta deberá achegarse, en todo caso, cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación estará referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non darse de baixo na matrícula do citado Imposto.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do dito Rexistro.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP nos termos recollidos no artigo 146, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluirá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas

tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

MODELO

"D/Dª..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Así mesmo declara que se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

D) Acreditación da clasificación

Ao tratarse dun contrato de servizos, non se require clasificación.

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

E.1. - Acreditar a solvencia económica e financeira na forma prevista na cláusula 10.3.1 do presente prego de cláusulas administrativas.

E.2. - Acreditar a solvencia técnica na forma prevista na cláusula 10.3.2 do presente prego de cláusulas administrativas.

F) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 11 do presente prego.

G) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación

H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan ao puntos a que se refire o artigo 328 do TRCLSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que o Concello de Ames poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no

Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e dos rexistro de convenios, publicada no BOP nº 64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D), E) e F), sempre que os citados documentos esten vixentes.

I) Certificación de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e coa seguridade social en procedementos de contratación.

O empresario poderá achegar certificacións actualizadas de atoparse ao corrente no pago das obrigacións tributarias co Estado e coa Seguridade Social ou, no seu defecto, autorización para a cesión de información relativa as obrigas tributarias e da Seguridade Social, debendo axustarse ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia en
.....provincia derúa nº
.....segundo DNIen nome propio (ou da
empresaá que representa no procedemento de
adjudicación do contrato denominado ".....")

AUTORIZA

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

M) Seguro de Responsabilidade Civil.

Deberá achegarse unha copia do contrato do seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscientos mil euros (600.000 euros), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

N) Seguro de accidentes.

Deberá achegarse unha copia do contrato de seguro de accidentes para a totalidade dos socorristas durante as actividades obxecto do contrato, incluído o risco in-itinere coas seguintes coberturas mínimas:

- Falecemento e Invalidez por Accidente 15.000 Euros
- Asistencia Sanitaria en centros concertados ilimitada e en centros de libre elección 1.500 Euros.

O seguro estará en vigor durante a duración do contrato, para iso o licitador comprométese a presentar o correspondente recibo de pago do seguro.

O) Xustificante de ter constituída garantía definitiva.

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do

importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

P) Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios.

20.3.- O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

20.4.- A adjudicación será motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores publicándose, ao mesmo tempo, no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme á lexislación aplicable un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

21.- PUBLICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do Concello de Ames, e no Boletín Oficial da Provincia, nos termos recollidos no artigo 154 do TRLCSP.

Como o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, conforme ao establecido no artigo 40.1 e 156 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores ou candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se houbera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días, a contar dende o seguinte a aquel en que se houbera recibido a notificación para a formalización.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

No obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderán incluírse no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adjudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Serán de conta do adjudicatario/s os gastos derivados da formalización do contrato,

incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes así como os gastos que procedan, incluídos os anuncios da licitación. Previamente a formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento destes gastos.

22.- PRAZO DE GARANTÍA

Dada as características do servizo no se prevé.

23.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente, ata un máximo 800 €uros (IVE incluído), segundo o establecido o artigo 67 e 75 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

24.- RESPONSABLE DO CONTRATO

24.1. - De conformidade co artigo 52 do TRLCSP o órgano de contratación poderá designar un/unha responsable do contrato, quen supervisará a execución deste comprobando que a súa realización se axusta ao establecido, cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación sendo as súas funcións as de dirección, control e coordinación do servizo.

24.2. - Facultades do responsable do contrato.

O responsable do contrato poderá dirixir instrucións ao contratista, inspeccionar e ser informado, cando o solicite, sobre o proceso de execución do contrato.

No caso de que considerase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, daranse ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados constando o prazo para emendalas e as observacións que se consideren oportunas.

Se existise unha reclamación do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, esta remitirase, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que resolverá sobre o particular.

Incumbe á administración, a través do responsable do contrato, exercer de maneira continuada á inspección e vixilancia dos traballos contratados.

O responsable do contrato poderá, así mesmo, solicitar informes sobre a realización dos traballos, que deberán entregarse polo adxudicatario no prazo máximo de 5 días a contar dende a súa solicitude.

25.- MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato e prórroga do prazo de execución, o contrato só poderá modificarse nos casos e cos límites establecidos no artigo 105 do TRLCSP

Nin o responsable do contrato nin o contratista poderán introducir ou ordenar modificacións no contrato que non estean debidamente autorizadas.

No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e normas de desenvolvemento. Se a administración acordase a suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego, nos fixados nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, e nas condicións e cos efectos sinalados no artigo 309 de dita norma.

Cando o contrato se resolva por culpa do adxudicatario, seralle incautada a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización, no seu caso, por danos e prexuízos

orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía incautada.

26.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

a) Obrigas do contratista

1.-O adxudicatario desenvolverá os seus traballos con estrito cumprimento do previsto no contrato asinado, no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas, segundo as instrucións e directrices que reciba do Responsable do Contrato.

2.- A execución do contrato desenvolverase a risco e ventura do contratista (artigo 215 TRLCSP).

3.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis (art. 214 TRLCSP).

4.- O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

5.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

6.- O adxudicatario queda obrigado a pór por escrito, en coñecemento do concello, tódalas deficiencias que observe nos edificios e instalacións onde vai prestar os seus servizos.

7.- O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de Riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co concello para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

8.- Será responsabilidade do adxudicatario a dotación inicial, a reposición e o control do botiquín situado nas dependencias onde se va a prestar o servizo.

b) Dereitos do adxudicatario

1. - Dereito ao aboamento do servizo que realmente desenvolva conforme ás cláusulas do presente prego. Dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 30 días que contarán desde o rexistro da correspondente factura.

2. - Se a Administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 30 días á que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do dito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e no artigo 216.4 da TRLCSP.

Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente no Rexistro Xeral.

3. - Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

4. - Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.

5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas no presente prego.

27.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución previsto no contrato.

Se chegado ao final do traballo, o adxudicatario incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, que se establece no artigo 212 do TRLCSP, e que se imporán de acordo tamén co establecido neste prego.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo de 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do contrato ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición da penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polo danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no 213.2 do TRLCSP.

28.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao adxudicatario, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaçión de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá desenvolverse a recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

29.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO DE TRABALLOS.

Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 da TRLCSP. O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente

Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, cos requisitos e coas condicións que se establecen nos artigos 227 e 228 da TRLCSP.

En todo caso, as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e de acordo coas condicións establecidas no artigo 228 do TRLCSP.

30.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do TRLCSP.

A extinción dos contratos de servizos, non poderá en ningún caso dar lugar a consolidación das persoas que desenvolvan os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante (art. 301.4 TRLCSP).

31.- PAGAMENTO.

Os traballos aboaranse con periodicidade mensual e por meses vencidos, previa presentación polo contratista da correspondente factura detallada que deberá estar conformada polo responsable do servizo e, de acordo co establecido no artigo 216 do TRCLSP.

Ditas facturas deberán contemplar o importe da prestación mais o I.V.E., na porcentaxe daquel que se corresponda en cada momento, segundo a lexislación vixente. A factura reunirá os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Aos efectos do disposto no artigo 3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público o provedor deberá expedir a factura polo servizos prestados ou bens entregados, e terá a obriga, aos efectos do disposto nesta lei, de presentala ante o rexistro administrativo da entidade municipal nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de trinta días dende a data de prestación do servizo.

Na factura deberá constar a identificación do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable, con indicación dos correspondentes códigos de acordo co "Directorio Común de Unidades e Oficinas DIR3" xestionado pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas conforme ao seguinte:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames

32.- PERSOAL.

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a execución do contrato.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto ó Concello de Ames, debendo dita empresa ter debidamente informado ó persoal do dito extremo.

Ó termino do contrato, non se producirá traspaso do persoal, polo feito de asumir o Concello directamente a prestación do servizo ou adxudicalo a outra empresa.

O Concello de Ames poderá en calquera momento inspeccionar o servizo prestado, e en concreto, recabar información sobre a adecuación entre o número de traballadores recollidas na oferta e os que efectivamente presten o servizo e, en caso de desconformidade, proceder de acordo co establecido neste prego e na lexislación aplicable.

33.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL.

1. - O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

2. - Obrigas laborais e sociais. O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. O devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o Concello de Ames contratante alleo ás devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

O contratista procederá, nos casos que resulte preciso, a substituír o persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

34.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

35.- RESPONSABILIDADE. DANOS.

35.1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no mesmo, nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

35.2. - A empresa adxudicataria deberá subscribir e ter vixente durante toda a vida do contrato un seguro de responsabilidade civil xeneral por importe mínimo de seiscentos mil euros, así como un seguro de accidentes.

A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

36.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN.

Corresponden estas facultades ao concello de Ames a través do Responsable do Contrato.

37.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

38.- CUSTODIA E CONSERVACIÓN.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega nin información a terceiras persoas, se non é coa expresa autorización do Responsable do Contrato ou, de ser o caso, do órgano de contratación.

39.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adjudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato, con suxeición as disposicións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal.

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no contrato.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

40.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A garantía non se devolverá ou cancelará ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista (artigo 102 do TRLCPS).

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse aval ou seguro de caución.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ó interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade adecuada incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao periodo transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data de devolución da garantía, si esta non se fixese efectiva por causa imputable á Administración.

41.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN.

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas contidas no presente prego e no prego de prescricións técnicas

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

- O Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP)
- A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.
- A Lei estatal 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.
- Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.
- Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da Corporación

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, segundo ó disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

ANEXO I

CADRO DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO

1.- Obxecto:	Contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa do servizo de “ <i>Socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas de titularidade municipal</i> ” do Concello de Ames
2.-Orzamento de licitación e criterios avaliáveis de forma automática.	<p>Tendo en conta que a duración inicial do contrato é de DUAS TEMPADAS, podendo prorrogarse de maneira expresa por tempada ata un máximo de CATRO TEMPADAS, e tendo en conta que a duración cada tempada é de tres meses, desenvolvéndose o servizo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, o valor estimado total do contrato (artigo 88 do TRLCSP) ascende á contía de 216.572,28 €uros, máis 45.480,17 €uros de IVE, resultando un importe total de 262.052,45 €uros, representando este o límite máximo a que poderá ascender, ao longo da súa vida o gasto derivado do contrato para o concello.</p> <p>O financiamento deste contrato levarase a cabo con cargo a aplicación orzamentaria 342 227.99 quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato.</p> <p>Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.</p> <p>Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún momento, exceder do importe do presuposto base de licitación.</p>
3.-Duración Contrato	do O prazo de duración inicial do presente contrato establece en DUAS TEMPADAS, podendo prorrogarse de maneira expresa por 1 tempada ata un máximo de dos prórrogas, polo que a duración total máxima incluída as prórrogas é de CATRO TEMPADAS. A duración cada tempada é de tres meses, desenvolvéndose o servizo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019.
4.-Revisión prezos	de Neste contrato non haberá revisión de prezos.
5.-Consulta pregos	de Servizo de contratación e páxina web do concello: www.concellodeames.gal (perfil do contratante).
6.-Lugar presentación proposicións	de de No Rexistro Xeral do Concello de Ames, con domicilio na Praza do Concello s/n. Bertamiráns 15.200 AMES (A CORUÑA) Teléfono: 981883002, no prazo de 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de

	licitación no Boletín Oficial da Provincia.
7.- Criterios de Adjudicación: (máximo 15 puntos)	
O contrato adjudicarase á empresa que formule a mellor oferta económica. Para a valoración das ofertas utilizarase a aplicación facilitada pola Deputación Provincial da Coruña, na dirección web http://www.dicoruna.es/valoracion/	
8.- Garantía provisional:	Non se esixe.
9.- Garantía definitiva	O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido segundo o establecido no artigo 95 do TRLCSP, que presentará por calquera das formas establecidas no artigo 96 do citado texto
10.- Mesa de contratación:	
A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio. A súa composición publicarase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima de 7 días naturais con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.	
11.- Prazo de garantía	Dada as características do servizo no se prevé.

ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A

Modelo declaración responsable para licitar:

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adjudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración

2. Que en relación co expediente de SERVICIO DE SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos

3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adjudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

(Lugar, data e sinatura do proponente)

Anexo III. Documento a incorporar no sobre C

Don _____
domiciliado en _____ R/
_____ nº _____,
código postal _____ con (exprésese o D.N.I., ou
documentación que o substitúa reglamentariamente)
nº _____, actuando (en nome propio ou en
representación ou apoderamiento de)
_____ comprométese a realizar o contrato
de servizo a que se refire o anuncio publicado en (cítese o B.O.P.)
_____ de data _____ con suxección ás condicións e
requisitos que se determinan no prego de cláusulas administrativas
particulares e de prescricións técnicas que declara coñecer e baixo a
proposta que se detalla na seguinte táboa, mais o correspondente IVE (as
contías indícaranse en letra e en número):

CONCEPTO	PREZO OFERTADO (totalidade contrato)
Prezo base licitación	...
IVE estimado (21%)	...
Prezo base total	...

(Lugar, data, sinatura e selo)